

DEPARTAMENTO DE PIANO

PROBAS ACCESO 2021

CRITERIOS AVALIACIÓN

Parte A

Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- **Control técnico do instrumento:** grado de solvencia na resolución dos principais problemas técnicos tales como escalas, arpexios, adornos, octavas, dobres notas, polifonía e dixitacións; seguridade na execución das obras.
- **Calidade do son:** aplicación dos diferentes tipos de ataque, uso dos pedais e gama dinámica.
- **Expresividade:** fidelidade ao texto nas indicacións de fraseo e expresión, capacidade expresiva e comunicativa.
- **Estilo:** correcta adecuación estilística do programa interpretado. Cada un dos apartados ten unha ponderación do **25%** da nota da parte A.

Parte C

Lectura a vista. O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- **Lectura:** fidelidade ao texto (**40%** da nota).
- **Execución:** solvencia técnica e seguridade (**40%** da nota).
- **Interpretación:** capacidade comunicativa e expresiva, correcta adecuación estilística (**20%** da nota)